<p>· LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaosco contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente</p>	x	x	x	<p>· LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaosco contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente</p>	Exposicións clase, comunicación aula, observación	Lista control, rúbrica
<p>· LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.</p>	x	x	x	<p>· LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos</p>	Exposicións clase, comunicación aula, observación	Lista control, rúbrica

4º ESO	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Avaliación	
	1ºT	2ºT	3ºT		Procedementos	Instrumentos
				característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.		
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/oudramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	x	x	x	<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/oudramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	Exposicións clase, comunicación aula, observación	Lista control, rúbrica
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios. 	x	x	x	<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios. 	Exposicións clase, comunicación aula, observación	Lista control, rúbrica
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	x	x	x	<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a 	Proba escrita	Lista control

4º ESO	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Avaliación	
	1ºT	2ºT	3ºT		Procedementos	Instrumentos
				actualidade.		
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. 	x	x	x	<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. 	Observación	Rúbrica
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	x	x	x	<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	Obradoiro escrita	Fichas
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula. 	x	x	x	<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula. 	Traballo individual	Lista control
<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. 	x	x	x	<ul style="list-style-type: none"> • LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. 	Traballo individual	Lista control

5. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Nº	Indicador de logro	Previsto	Acadado
1	Porcentaxes desenvolvidas da P.D.	70%	
2	Porcentaxe alumnado que recupera materia pendente	100%	
3	Porcentaxe alumnado que supera a materia na 1ª avaliación	60%	
4	Porcentaxe alumnado que supera materia na 2ª avaliación	70%	
5	Porcentaxe alumnado que supera materia na 3ª avaliación	80%	
6	Porcentaxe alumnado que supera materia na convocatoria ordinaria de xuño	80%	
7	Porcentaxe alumnado que supera materia na convocatoria extraordinaria de xuño	90%	

6. Secuenciación de Unidades Didácticas.

Secuenciación de Unidades Didácticas				
1º ESO				
Nº	Título	Trimestre		
		1º T	2º T	3º T
1	A comunicación. Tipos de textos.	X		
2	A banda deseñada. Regras de acentuación.	X		
3	A narración e a descrición. O substantivo e o adxectivo.	X		
4	Os textos xornalísticos. Os determinantes.		X	
5	O diálogo. O pronome persoal		X	
6	A poesía. Verbos regulares		X	
7	O teatro. Verbos irregulares			X
8	Normas e instrucións de uso. Variedades xeográficas do galego			X

Secuenciación de Unidades Didácticas				
1º ESO				
Nº	Título	Trimestre		
		1º T	2º T	3º T
9	Sintaxe: suxeito e complementos			X

Secuenciación de Unidades Didácticas				
2º ESO				
Nº	Título	Trimestre		
		1º T	2º T	3º T
1	Un mundo de noticias. Formamos palabras I	X		
2	Narración, descripción e diálogo. Formamos palabras II	X		
3	Escríbeme un diario. Substantivos	X		
4	Poetizándonos. Adxectivos		X	
5	Solicitudes. Verbos		X	
6	Exposicións. A frase		X	
7	A procura de información. A cláusula			X
8	A sétima arte. Suxeito e predicado			X
9	Os textos académicos. Os complementos			X

Secuenciación de Unidades Didácticas				
3º ESO				
Nº	Título	Trimestre		
		1º T	2º T	3º T
1	A Galiza medieval. A cantiga de amigo	X		

Secuenciación de Unidades Didácticas**3º ESO**

Nº	Título	Trimestre		
		1º T	2º T	3º T
2	A cantiga de amor	X		
3	A cantiga de burla	X		
4	O galego medio. Os Séculos Escuros e o Rexurdimento		X	
5	Rosalía de Castro		X	
6	Manuel Curros Enríquez		X	
7	Eduardo Pondal			X
8	Galiza a finais do XIX e principios do XX. As Irmandades da Fala			X
9	Poesía e teatro de principios do XX			X

Secuenciación de Unidades Didácticas**4º ESO**

Nº	Título	Trimestre		
		1º T	2º T	3º T
1	Ramón Cabanillas	X		
2	Grupo Nós e Castelao	X		
3	As vangardas. Manuel Antonio e Dieste	X		
4	Literatura do exilio		X	
5	Narrativa da posguerra		X	
6	Poesía da posguerra. Celso E. Ferreiro		X	
7	Narrativa: do 75 á actualidade			X

Secuenciación de Unidades Didácticas				
4º ESO				
Nº	Título	Trimestre		
		1º T	2º T	3º T
8	Poesía: do 76 á actualidade			X
9	Teatro: do 73 á actualidade			X

7. Concrecións metodolóxicas.

Na materia de Lingua e Literatura Galega prima a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, intentando darles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado. Este enfoque obsérvase baixo o Tratamento Integrado das Linguas (TIL) polo que se fai necesario coordinar, na medida do posible, coas outras materias lingüísticas, especialmente Lingua Castelá, o reparto de contidos, procesos e estratexias.

Por outra banda, a sociedade actual require da capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándoo a desenvolver a súa capacidade de crítica con respecto a ela.

O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaranse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme eses procedementos construtivos.

A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter moi en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

- Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza, escritos e orais, especialmente expositivos e argumentativos, así como aqueles da vida cotiá.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.
- Propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na Internet ou noutros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciar non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo. Utilizaranse estratexias de aprendizaxe cooperativa.
- Propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades, introducindo estratexias de autoavaliación e coavaliación.

- Facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias, así como pór de manifesto a súa relación coas outras artes.

A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentárase o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora. A función da docente consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo o necesario á exposicións máximas e dinamizando o grupo-clase para evitar caer na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.

8. Transversalidade.

Mantemos a idea de transversalidade como forma de relacionar os contidos da materia cos doutras, considerando os valores e as actitudes implícitos nestes contidos. O propósito é contribuír a que a educación dos estudantes se leve a cabo cunha maior unidade de criterio entre as distintas materias, o que pode lograrse prestando atención, ao presentar a organización do proxecto curricular, a aqueles contidos que posúen carácter interdisciplinar. Cómpresinalar que durante este curso 2021-22 o tema transversal do centro é **“A volta ao Mundo de Magalhaes e Elcano por un mundo sustentábel”** polo que, na medida do posible, as actividades, proxectos e o tratamento dos diferentes conceptos estarán relacionados con el.

Estes contidos transversais poden incluírse en diversas categorías:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz.
- Educación para a saúde e a calidade de vida.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación ambiental.
- Educación sexual.
- Educación para o consumidor.
- Educación para o lecer.
- Educación viaria.

Cada un dos contidostransversais están relacionados cos estándares de aprendizaxe en cada unha das unidades e así é como os relacionariamos coa nosa materia:

Educación moral e cívica:

- A tipoloxía textual, sobre todo a argumentación e a exposición propiciarán a receptividade, o interese e o respecto polas opinións alleas expresadas a través da lingua oral e escrita. Tomar conciencia da importancia da arte de convencer para facilitar a convivencia.
- Lingua e sociedade: estes contidos axudarán a recoñecer a lingua galega como a propia de Galicia e valorar as linguas como produto das circunstancias históricas, políticas e culturais. Preténdese unha valoración xusta e equilibrada dos diversos pobos e culturas, evitando tópicos que atentan contra a dignidade humana. Mediante o respecto pola diversidade lingüística da Península acadaremos unha actitude de comprensión e tolerancia cara ás opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.

Educación para a paz:

- A comunicación humana: a importancia fundamental que ten nas nosas vidas poder comunicarnos cos demais e romper todo tipo de barreiras a través da lingua.
- A lírica medieval galego-portuguesa: a convivencia lingüística entre ambos os territorios; neste período de progreso, riqueza e paz, os señores feudais puideron esquecer a guerra e dedicarse a outros mesteres máis relacionados coa cultura.

Educación para a igualdade entre os sexos:

- A poesía lírica: expresa os sentimentos e emocións do poeta e ensínanos a valorar a dignidade persoal, a propia e a dos demais.
- A Rosalía «feminista»: os artigos xornalísticos, o *Conto gallego*, o prólogo de *Follas novas* (e o apartado «As viudas dos vivos e as viudas dos mortos») serven para propiciar unha reflexión sobre a discriminación sexual.

Educación ambiental:

- A literatura de Rosalía, Pondal, Cabanillas... fainos amar e respectar a natureza como un dos bens máis prezados do ser humano e da nosa comunidade.

Educación sexual:

- Interpretando o compoñente erótico das cantigas e doutros poemas de temática amorosa.

Educación do consumidor:

- O estudo dos medios de comunicación dá pé para espertar o espírito crítico ante as mensaxes que a publicidade emite.

Educación para o lecer:

- O apartado dedicado á lectura, en concreto, e todos os temas de literatura, en xeral, propiciarán o hábito da lectura como fonte de pracer e como actividade gratificante e enriquecedora.

9. Materiais e recursos didácticos.

Un dos nosos obxectivos é a motivación do alumnado e para iso consideramos imprescindible a utilización de diferentes recursos e materiais didácticos que chamen a súa atención. Destes en nosas clases non só estarán presentes os cadernos e os textos, senón que botaremos man de gravacións radiofónicas, audicións, series televisivas, anuncios publicitarios, DVDs, Internet, cadros, imaxes, táboas, organigramas, revistas, xornais, dicionarios...

Tal e como se foi especificando nas diferentes metodoloxías, botaremos man de materiais diversos como as Tics, exposicións que cheguen ao centro ou haxanas instalacións culturais do Concello e mesmo faremos un uso continuado da biblioteca. Noutras ocasións e sobre todo para levar a cabo as tarefas por proxectos, utilizaranse fichas elaboradas especificamente polo profesorado.

Valórase a posibilidade de continuar utilizando o libro de texto de Lingua galega e literatura da editorial Xerais en todos os cursos menos en 1º ESO ao ser un ámbito lingüístico. En 2º da ESO, é posible que os libros dos que dispomos non sexan suficientes para todo o alumnado polo que pensamos en repartir un

grupo (2º ESO B) e traballar con fotocopias no outro (2º ESO A). Este problema non existe en 3º e 4º da ESO onde hai suficientes exemplares do libro de texto. En todo caso, será un material complementario que combinaremos con outros recursos dispoñibles na rede e con material elaborado polo profesorado que imparte clases de galego.

10. Avaliación e criterios de cualificación

Realizarase unha **avaliación inicial** ao principio de curso, deseñada para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia. Ao mesmo tempo, procurarase descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas calidades, preferencias e afeccións para aproveitarlas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se desenvolvan. A avaliación inicial constará de varias partes que contemplarán a expresión oral, a fluidez e comprensión, a expresión escrita e aspectos xerais referidos á historia da literatura, ao coñecemento da lingua e á sociolingüística, con adecuación a cada un dos cursos. Trala realización desta avaliación, e en colaboración co departamento de Orientación, determinarase o alumnado que vai recibir reforzo específico na aula e as características do mesmo. Inclúranse nas actas de departamento as resolucións tomadas en cada curso tras a avaliación inicial, así como un seguimento trimestral das mesmas.

Avaliación continua

a) Probas (70%)

En cada trimestre faranse dúas probas (“exames”), como mínimo. Nestas probas serán avaliados os estándares de aprendizaxe sinalados no apartado correspondente de cada curso. A nota máxima con que se cualifican estas probas para todos os cursos será de 7 puntos (70%). En cada pregunta indícarase o valor da mesma.

- En 3º e 4º da ESO, a literatura terá un peso maior ca o resto dos contidos.

b) Lectura obrigatoria por trimestre (10%)

En cada trimestre o alumnado deberá ler, obrigatoriamente, unha obra literaria que determinará a docente. O control desta lectura farase por escrito ou oralmente, segundo criterio da profesora, con varias preguntas relacionadas co contido e coa opinión persoal da obra en xeral e/ou os elementos narrativos en particular (narrador, personaxes principais e secundarios, tempo, espazo...). Constará de varias preguntas e terá dúas notas: unha indicando se está apto ou non, é dicir, se o leu ou non; a outra, que puntúa de 0 a 1, terá en conta o contido sobre a lectura, a redacción, a expresión e a corrección ortográfica.

A final de curso, o alumnado que teña as lecturas non aptas non superará a materia, aínda que a media das probas feitas (exames), do traballo de casa e do traballo de aula lle dea para aprobar.

- Contemplamos a posibilidade de incrementar a nota de cada avaliación con lecturas opcionais; trátase dun incentivo neste tempo de crise lectora. Preferiblemente serían probas orais (exposicións) que poderían realizarse na hora de clase ou nun recreo. Neste apartado, poderán acadar até 0,5 puntos por trimestre despois de facer a media, independentemente do número de lecturas ás que se presenten voluntarias/os.

c) Traballo (20%)

Neste apartado diferenciamos por unha banda, o traballo de aula que vale até 1 punto. A profesora levará un rexistro do traballo feito polo alumnado na aula por medio da observación diaria. Valorará a actitude cara a lingua, o traballo diario que se lle encomendé facer ao alumado na aula e, moi especialmente, que o alumnado se exprese con corrección nas diferentes interaccións orais dentro da aula: dar opinión persoais, responder acertadamente a preguntas que se lle poidan facer, etc... De facer todo o encomendado, terá a máxima nota neste apartado.

E, por outra banda, o traballo de casa (*deberes*) que vale até 1 punto. Neste caso, terase en conta a realización do traballo feito polo alumnado fóra da aula. Quen faga sempre todas as tarefas encomendadas terá a máxima puntuación

neste apartado. Cómpre puntualizar que en 1º e 2º da ESO, tamén se terá en conta neste apartado o caderno da alumna/o; teremos en conta a presentación, orde, limpeza, que as tarefas estean feitas e corrixidas... O caderno pediráselles un pouco antes de cada avaliación.

CÓMPRE LEMBRAR...

- A docente valorará a calidade da lingua oral (lingua galega estándar e adecuación ao rexistro en cada situación comunicativa, especialmente o rexistro formal) en cada avaliación en todos os cursos da ESO a través da interacción diaria profesora-alumna/o e/ou ben a través de probas orais puntuais.
- Nas probas escritas, a docente terá en conta non só o que se di senón como se di, isto é, a expresión, coherencia e cohesión dos escritos así como a limpeza e presentación dos mesmos. Unha proba escrita, contestada correctamente, pero mal redactada e presentada, non se valorará de igual forma ca outra ben contestada tamén, pero con boa expresión, coherente, cohesionada, limpa e ben presentada.
- Na materia de Lingua Galega e Literatura o uso da lingua galega a nivel escrito e/ou oral é obrigatorio. O uso doutra(s) lingua(s) pode ser motivo para baixar a nota até dous puntos por avaliación cando se faga de maneira reiterada, ou mesmo suspender a materia de non a usar nunca.
- Na cualificación das avaliacións, se for preciso, aplicarase o seguinte criterio para o redondeo das notas: se o primeiro decimal é igual ou inferior a 5, a nota redondéase á baixa, así un 3,50 quedará nun 3 ou un 6,4 será un 6. Pola contra, se ese primeiro decimal é superior a 5 a nota redondéase á alza: un 5,6 será un 6 ou un 7,9 será un 8.
- Para aprobar cada avaliación o alumnado deberá sacar un 5 como mínimo; daquela, **unha nota inferior a este resultado é un suspenso.**

Mecanismos de recuperación

Contéplase a posibilidade de recuperar os libros de lectura que estean suspensos. Esta recuperación farase durante a primeira semana á volta do período vacacional (Nadal e Semana Santa). De seguir suspensos, terán unha

derradeira oportunidade a finais de maio ou principios de xuño. Nas recuperacións dos libros de lectura, o alumnado optará a “apto” ou “non apto” sen outro tipo de cualificación.

Non haberá recuperación por avaliacións.

Avaliación final

A avaliación final será o resultado das tres avaliacións anteriores coa media aritmética das tres avaliacións, e o sistema de redondeo será o mesmo que se aplica na avaliación continua. Se a media aritmética non chegase a 5, o alumnado terá que recuperar, a avaliación ou avaliacións que teña suspensas.

Avaliación extraordinaria

O cambio máis significativo é que, en principio, a avaliación extraordinaria parece que vai ser en xuño en vez de setembro, mais é un dato que aínda non se pode confirmar totalmente.

Sexa como for, o sistema será da seguinte maneira:

Exame.....10 puntos.....100%

Non haberá recuperación por avaliacións. Será un exame escrito de toda a materia do curso e de todos os estándares que se poidan concretar nesta proba e non se terán en conta as puntuacións dos libros de lectura obrigatorios obtidas ao longo do curso escolar.

Penalizacións por faltas de ortografía e incorreccións orais:

1º e 2º da ESO: cada erro ortográfico baixa **0’05 puntos**. Por exemplo, formas alleas ao estándar vixente (*mañán*), acentuación non diacrítica (*sua, ademáis*); maiúsculas e minúsculas; formas contrarias á norma lingüística (*b,v,h,y*), acentuación diacrítica (*fora/fóra*); formas alleas ao sistema lingüístico galego (*había feito, o vin...*) ou erros moi graves na morfoloxía ou na sintaxe.

3º e 4º da ESO: cada erro ortográfico baixa **0’10 puntos**. (Remitímonos aos exemplos anteriores).

11. Recuperación e avaliación da manteria pendente

Por un lado queremos facilitar mecanismos para que o alumnado coa materia pendente poida recuperarala ao longo do curso. Desta maneira, decidiuse

proporcionarle trimestralmente aos/ás alumnos/alumnas afectados/as, un caderno de actividades que deberán entregar aos correspondentes profesores o día da proba parcial. Este material deberá vir con todas as tarefas feitas e ben presentadas. Para todos eles, ademais, haberá tres probas (unha por avaliación) nos que se repartirá a materia para ser avaliada. Terase en conta, polo tanto, non só as probas escritas senón tamén o esforzo pola materia nunha proporción dun **80% probas escritas//20% caderno de actividades**. A profesora encargada reunirse con este alumnado se así o solicita, para dirixir, guiar o traballo e/ou resolver todas as dúbidas que lle poida xurdir á hora de realizar as actividades do caderno.

As probas escritas en 1º, 2º e 3º da ESO terán entre 5 e 10 preguntas e serán valoradas sobre 10. A nota mínima que debe sacar a/o alumna/o é un 5 para poder aplicar logo o 80% do valor desta parte e poder sumarlle a nota acadada da porcentaxe do 20% polas actividades feitas na casa. Cada pregunta terá indicada a puntuación que lle corresponde. A profesora encargada da materia pendente será a que imparte a materia de Lingua galega e literatura na aula de referencia no curso actual. Deste xeito, será esta profesora a que lle reparta o material de traballo e lle faga as probas parciais correspondentes ao alumnado coa materia pendente.

Así mesmo, no caso de non superar a materia sumadas as notas das tres avaliacións, os/as alumnos/as terán dereito a un exame final que se realizará, con toda probabilidade, no mes de maio. Esta proba puntuará sobre 10 e deberá obter como mínimo unha cualificación de 5 para poder superar a materia. O redondeo será o mesmo que se comentou anteriormente.

12. Avaliación da práctica docente

A información obtida na avaliación deberá ser utilizada para analizar a nosa intervención educativa e, se é o caso, tomar a decisión de modificala coa finalidade dunha mellor adecuación ás necesidades do alumnado e facilitarlle as axudas necesarias para seguir avanzando no seu proceso formativo. Para isto proponse unha táboa cunha serie de indicadores e cunha escala do 1 ao 4 que cada profesor/a deberá completar ao final de cada avaliación. Aqueles valores que non acaden como mínimo un 2 dentro da

escala, serán revisados e comentados entre todos os membros do departamento para poder obter máis puntuación nas avaliacións seguintes.

Indicadores de logro da práctica docente:

	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				

15. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforz, recuperación, ampliación...				
---	--	--	--	--

13. Avaliación da programación didáctica

A programación será avaliada mediante diferentes mecanismos como enquisas ao alumnado e a reflexión do propio profesorado do departamento tras analizar os resultados académicos obtidos polos rapazada.

Os principais aspectos que se deberán valorar están:

- A contribución da programación ao logro das competencias básicas.
- A adecuación dos obxectivos e do nivel esixido a cada curso académico.
- A distribución de contidos nas distintas avaliacións e os tempos dedicados a cada competencia comunicativa.
- A adecuación da metodoloxía e materiais didácticos.
- A contribución das actividades complementarias e extraescolares á consecución dos obxectivos.

A periodicidade coa que se revisará a programación será ao final de cada avaliación coa finalidade de poder corrixi e/ou modificar erros, temporalización, mecanismos, metodoloxía ou outros aspectos, de maneira que non se repitan nos meses seguintes. Esta revisión levarase a cabo nas reunións de departamento e tras analizar os resultados e o proceso, poderanse engadir ou eliminar contidos con respecto á programación inicial. Ademais, e se é o caso, adoptaranse diferentes medidas que serán recollidas nas actas do departamento.

Para que todo este proceso de avaliación sexa factible e viable, establecemos unha serie de indicadores que serán completados ao final de cada trimestre entre todo o profesorado do departamento.

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				

3.O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación de materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias extraescolares previstas.				

25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

14. Atención á diversidade

A nosa programación non desatenderá á **diversidade da aula** e estará adaptada ás necesidades individuais de cada rapaz/a; isto implica empregar diferentes técnicas para asegurar o progreso educativo de todo o alumnado. Como profesor/a, para atender a esta heteroxeneidade, organizamos a nosa programación de xeito que todo o alumnado acade os mesmos obxectivos pero con estratexias metodolóxicas diferentes. Nestes senso, a nosa atención á diversidade materialízase en unidades didácticas a través das actividades de reforzo e ampliación.

Medidas ordinarias

Na ESO resulta moi significativa a diversidade de estilos e dificultades de aprendizaxe, intereses, motivacións e expectativas de futuro que presenta o alumnado; de aí a obriga de abordar esta realidade para cumprir o obxectivo fundamental de responder ás necesidades educativas de todos os alumnos. Durante este curso, dado que se tomaron *Medidas de tipo organizativo* (Reforzo Educativo e Desdobramentos), o profesorado, alénde ter en conta as necesidades do seu grupo, poderá separar o alumnado con maiores dificultades durante estas horas a maiores polo que deseñará estratexias de carácter ordinario, sempre en colaboración co Departamento de Orientación, que permitan atender a diversidade dentro da aula. Estas medidas buscan flexibilizar a programación para responder a unha realidade non homoxénea e inciden no tipo de actividades propostas, na selección dos materiais, nas estratexias organizativas e mesmo nos criterios de avaliación, tomando

como referencia os contidos mínimos sinalados. As medidas contempladas son:

- 1.- Secuenciación de contidos que asegure aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- 2.- Agrupamentos flexibles que permiten contextos de aprendizaxe colaborativos. (Reforzos, Desdobramentos)
- 3.- Diferentes tempos de realización de actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- 4.- Recursos e materiais diferenciados para observar os distintos estilos de aprendizaxe.
- 5.- Criterios de avaliación que contemplen os diferentes puntos de partida e os diferentes graos de consecución de obxectivos.
- 6.- Actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade, entre as que tamén se contemplan:

Actividades de reforzo para os alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo. Nun caso como o da lingua galega, a bagaxe previa non é a mesma en todos os alumnos. Polo tanto, contéplanse actividades de distinto grao de dificultade (interferencias do castelán, coñecementos sobre ortofonía, expresións, locucións ou frases feitas, etc.) para cada nivel axeitado. No apartado de literatura e tipoloxía textual, inclúranse comentarios de textos sinxelos guiados mediante unha serie de preguntas que incidan nos aspectos e características máis relevantes destes. Por último, contéplanse mecanismos de cooperación que evidencian a función comunicativa da lingua nun ambiente de socialización propiciatorio (tormentas de ideas, corrección colectiva, traballos en grupo ou postas en común).

Actividades de recuperación para os alumnos que non acadan os obxectivos previstos ao final de cada secuencia. Consistirán en exercicios, así como lecturas de fragmentos de obras literarias que axuden a comprender o autor, a súa obra e a época en que está escrita, e que tamén se usan para ler en voz alta, facer resumos e comentarios guiados de textos, expor a opinión etc.

Actividades de ampliación para os alumnos que avanza a un ritmo de aprendizaxe maior e así desenvolver máis polo miúdo cuestións relativas a autores determinados encada unidade (análise de textos, breves investigacións, máis lecturas etc.) que favorezan o traballo autónomo e permitan a cada alumno aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.

Medidas extraordinarias

En ocasións, e por diversos motivos, as medidas ordinarias non son suficientes, por iso debemos ter programadas unha serie de medidas extraordinarias para aquel alumnado que presente ben por eiva na adquisición de coñecementos ou ben por amosar un nivel intelectual superior ao do resto do grupo. Destexeito, e de darse o caso, as medidas serán diferentes, xa que precisaremos a axuda e colaboración do profesorado especialista en Pedagogía terapéutica co cal nos coordinaremos desde o departamento para levar a cabo unha adaptación curricular e procurar que o/a alumno/a acade os obxectivos específicos que se lle estableceron.

Cómpredicir que este curso 2021-22 a Administración educativa non contempla enviar un profesor/a especialista en Pedagogía terapéutica a nosa colexio desatendendo os rogos tanto do profesorado coma da ANPA. Permanecemos á espera.

15. Actividades complementarias e extraescolares

Charlas con algúns dos autores das obras literarias que os alumnos/as deben ler este ano. Serán organizadas polo departamento ou en colaboración con outros departamentos e entidades (Biblioteca, ENDL, Concello...) e dependerán da dispoñibilidade dos/as escritores/as e as editoriais e das lecturas escollidas polo alumnado. Concretarase nas actas de departamento.

Roteiro literario a Vigo: Está previsto que o alumnado de 1º e 2º da ESO faga un roteiro literario coa escritora Leticia Costas aproveitando que é un libro de lectura obrigada nos dous cursos.

Visita cultural a Santiago: Está previsto saír co alumnado de 3º e 4º ESO a Santiago no 2º ou 3º trimestre para acudir a algunha exposición na Cidade da Cultura. Temos outras dúas alternativas, no caso de non poder realizar a visita á Cidade da Cultura: visitar o Museo do Pobo Galego ou facer unha visita guiada á Biblioteca Ánxel Casal.

Visita cultural á casa de Rosalía e da contorna: co alumnado de 3º ESO a Padrón. Prevese para o 2º trimestre.

Teatro: o alumnado de 3º ESO representará unha obra de teatro en Cuntis. Previsto para o 3º trimestre.

Actividades para o Día das Letras Galegas: Son actividades previstas para todo o alumnado que se levarán a cabo a longo do mes de maio.

Actividades propostas:

- Charlas de autores.
- Concurso literario (poesía, relato,...) e entrega de premios.
- Festival da lingua da Coordinadora Comarcal en Caldas de Reis.

Existe a posibilidade de engadir algo máis para esta festividade que xurdaao longodo curso.

Se ao longo do curso xorden actividades relacionadas coa materia que consideremos interesantes para o alumnado serán levadas a cabo.

16. Plan lector

A lectura é un dos piares básicos da aprendizaxexeral dos alumnos: todas as áreasdo currículo precisan para o seuestudo do exercicio da lectura. Cómpre, polo tanto, formarlectores que dominen as diferentes estratexias lectoras: localizar datos, informarse, gozar,aprender... Conforme ao establecido no Anexo V do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, poloque se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatorianaComunidadeAutónoma de Galicia, no seusartigos 19.2/24.7/25.5 “a comprensión lectora, a expresiónoral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e dainformación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas”.

De acordo anterior, esta programación inclúe as intervencións do departamento destinadas ao fomento da lectura cos seguintes **obxectivos**:

- Desenvolver a competencia lectora.
- Favorecer a competencia literaria.
- Educar no uso crítico da información.
- Fomentar o hábito da lectura.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas lingüística, tratamento da información e dixital.

158

Para isto, o Departamento propón as seguintes medidas:

Conforme ao artigo 26.2 do decreto 133/2007, e segundo o disposto no Proxecto Lector do centro aprobado neste curso 2021-22, dedicarase un tempo á práctica da lectura nas aulas de lingua galega e literatura e ámbito sociolingüístico implementando estratexias de comprensión lectora para formar lectores competentes e crear e consolidar hábitos de lectura no alumnado. Para iso, botarase man das lecturas propostas nos diferentes libros de texto, na lista de lecturas obrigatorias e voluntarias do departamento e de textos diversos relacionados cos contidos da materia.

O proxecto lector estipula entre 25 ou 15 minutos de lectura diaria dependendo da carga horaria da materia. Haberá un calendario en cada aula indicando a que sesión corresponde no día. As aulas contan con Biblioteca de Aula.

O novo proxecto lector propón como obxectivo reformular o modelo de “Hora de Ler” coa intención de aproveitar mellor as súas posibilidades educativas. Como? Preparando material temático por parte do Equipo de Biblioteca do centro e distribuíndo as lecturas temáticas semanal ou mensualmente (Día da prensa; Día da poesía...)

No ámbito lingüístico de 1º ESO entendemos a necesidade de traballar dun xeito máis específico a lecto-escritura e por iso, das oito sesións semanais, dúas serán para traballar con actividades características da competencia oral e escrita. Para que o traballo sexa conxunto e o alumnado aprecie o centro coma un todo que traballa a prol da súa propia educación, consideramos que as lecturas obrigatorias deben estar relacionadas co tema

transversal do centro deste ano: “A expedición de Magalhaes e Elcano: unha volta mundo sustentábel”.

Polo que se refire á biblioteca escolar, o Departamento colaborará no seu fomento do seguinte:

- Potenciación como recurso de aprendizaxe a onde terá que acudir o alumnado para a realización dos traballos académicos esixidos para superar a materia.
- Actividades de busca de información para o alumnado (manexo de diferentes fontes de información en formato libro e nos soportes multimedia) e de potenciación da capacidade de investigación (proposta de traballos de investigación vinculados aos contidos –literatura, sociolingüística, cultura e actualidade galegas...- e aos diferentes niveis).
- Mostra de libros recomendados polo alumnado e de novidades editoriais en relación ás efemérides relacionadas co mundo do libro: Día Internacional do Libro, Día das Letras Galegas, Día da Muller (libros para a igualdade), lecturas para as vacacións, etc.
- Colaboración cos boletíns informativos da Biblioteca incorporando contidos: últimas novidades editoriais, recensións do alumnado, novas relacionadas co libro galego, etc...
- Participación no blogue educativo do EDLG e na bitácora da Biblioteca, que acollen informacións e contidos relacionados coa materia.
- Para a aplicación do Plan lector propoñemos unha lista de lecturas optativas, adaptadas a cada nivel educativo para que a alumna ou alumno, de maneira individual ou colectiva, lea e elabore unha reseña da obra (escaneando a portada, facendo un resumo do argumento, dando algunha información sobre a autora ou autor, temática, xénero...). Este traballo será exposto no taboleiro da aula e nos corredores do centro para potenciar a lectura da obra por parte das demais alumnas e alumnos do centro.

A lista proposta pode ser a seguinte:

- Bala perdida, M. Rivas, Alfaguara Obradoiro.

- Matilda, Roald Dahl, Alfaguara Obradoiro.
- Manolito ten un segredo, Elvira Lindo, Alfaguara Obradoiro.
- Eu tampouco me chamo Flanagan, A. Martín / Jaume Ribera, Xerais.
- Cando petan na porta pola noite, X. Docampo, Xerais.
- O libro das viaxesimaxinarias, X. Docampo,
- Ameazana Antártida, R. Caride Ogando, Xerais.
- O tempo das palabras en voz baixa, Anne- Lise Grobety, Xerais.
- A pantasma de Canterville, Oscar Wilde, Xerais.
- A casa da luz, X. Docampo, Xerais.
- Memorias dun raposo, A. Reigosa, Xerais...
- Memorias dunnenolabrego, Xosé Neira Vilas.
- A cova das vacas mortas, Jaureguizar
- Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta, Leticia Costas, Xerais
- 20.000 leguas de viaxe submarina, Jules Verne
- A volta ao mundo en 80 días, Jules Verne
- Os Papalagi, Tuiavii de Tiavea.
- A pel do mundo, Berta Dávila
- As viaxes de Gulliver, JohnatanSwift
- A illa do tesouro, R.L. Stevenson
- Os nenos da varíola, María Solar, Galaxia
- Vivir na fin do mundo, Christina Lilliestierna
- Plasticusmaritimus, unha especie invasora, Ana Pego
- Nordeste, Daniel Asorey
- Nemo. O rapaz sen nome, David Morossito

17. Docencia telemática

En relación á situación sanitaria que estamos a pasar, deberemos atender a varios escenarios posibles durante este curso académico. En primeiro lugar, respectaremos estritamente as normas anti-covid do centro que van desde a ventilación da aula ata a hixiene das mans. Todo o claustro debe participar e respectar as normas para evitar contaxios durante o curso académico. Con todo, se un alumno ou unha alumna non asiste a clase por mor da Covid durante parte dun trimestre ou curso, contemplamos o seguinte:

O/a alumno/a está en corentena por ser contacto directo:

- Asistirá a clase por videoconferencia.
- Manterase unha comunicación estreita co devandito alumno a través de distintos soportes (mensaxería EDIXGAL, Aula virtual, correo electrónico, espazo ABALAR ou mesmo chamadas telefónicas).
- O alumno ou alumna en corentena deberá facer o traballo de clase.
- Se a persoa está confinada coincidindo co exame, faráselle o devandito exame cando se reincorpore e cunhas datas flexibles para que o poida superar sen dificultades.

O alumno ou a alumnado é positivo en Covid:

- Entendemos que está de baixaxa que se trata dunha enfermidade, polo tanto, o alumno ou alumna contagiado non terá a obriga de seguir as clases de xeito virtual aínda que, se así o desexa, asistirá en videoconferencia. Por outra banda, facilitarase todo o material necesario a través da Aula virtual para que o alumno/a poida seguir formándose dende a casa.
- Se coincide con algún tipo de probas, faráselle a devandita proba cando se reincorpore e cunhas datas flexibles para que a poida recuperar sen maior dificultade.

18. Referencias normativas

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obligatoria e o bacharelato (BOE do 29).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

En Cuntis, a 25 de setembro de 2021

A xefa do Departamento de Lingua galega e literatura

Carmiña Blanco Sieira